



PLAN ESTRATÉGICO PONTE 2021-2022

(Aprobado pola Xunta de Centro o 16/04/2021)

PLAN ESTRATÉXICO 2021/2022

INTRODUCCIÓN

De acordo co proceso PE-01 Planificación Estratéxica do SGC da Facultade de Óptica e Optometría da USC, este Plan Estratéxico é o documento onde quedan reflectidos os obxectivos de calidade da Facultade de Óptica e Optometría, aliñados coa política de calidade e os obxectivos xerais da USC.

Ditada a resolución reitoral de 7 de outubro de 2020 respecto aos instrumentos de planificación estratéxica da USC de cara aos procesos relacionados cos SGC dos Centros, e á vista do remate da vixencia do Plan Estratéxico 2011-2020 e a demora na aprobación dun novo plan, propónse o proceso de elaboración e aprobación do Plan Estratéxico Ponte correspondente á Facultade de Óptica e Optometría, segundo establece no apartado segundo da citada resolución.

En congruencia coa Planificación Plurianual da USC os plans dos Centros terán, como máximo, o mesmo horizonte temporal que a Planificación Plurianual, que actualmente é o ano 2022.

SITUACIÓN DA FACULTADE

A Facultade de Óptica e Optometría da USC é un centro docente e investigador, situado no Campus de Santiago (Campus Vida), e que conta coas instalacións idóneas para o adestramento en competencias fundamentais para o desenvolvemento profesional dos titulados. A USC conta cun centro asistencial para práctica clínica en optometría, o Servizo de Optometría, que actúa como clínica universitaria e está anexa á propia Facultade.

Na actualidade, este Centro oferta ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior, e que son: O Grao en Óptica e Optometría, o Dobre Grao en Óptica e Optometría, e o Máster en Optometría.

O título de Grao en Óptica e Optometría é unha titulación de Ciencias da Saúde que habilita para o exercicio dunha profesión regulada por Lei, a de Óptico Optometrista. Así, os contidos do Grao en Óptica e Optometría axústanse ao establecido na Resolución do 5 de febreiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades, pola que se publica o “Acuerdo del Consejo de Ministros, por el que se establecen las condiciones a las que deberán adecuarse los planes de estudios conducentes a la obtención de títulos que habiliten para el ejercicio de la profesión regulada de Óptico-Optometrista”, e ás Directrices Propias desta titulación (*Orden CIN/727/2009, de 18 de marzo, por la que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Óptico-Optometrista*). A titulación, única no SUG, imparte ensinanza de tipo presencial para o Grao e, ata o curso 2017/2018 impartíase ensinanza semipresencial para o curso ponte, a partir do cal entra en proceso de extinción, sen docencia, pero o alumnado ten a posibilidade de realizar as avaliacións

das materias pendentes ata o curso 2019-20, quedando definitivamente extinto.

Tamén se oferta a titulación de Dobre Grao en Farmacia e Óptica e Optometría, titulación que se comezou a impartir no curso 2017-18.

No curso 2018-19 impártese por primeira vez o título de Máster en Optometría, titulación de orientación mixta, profesional e investigadora, que non habilita para o exercicio dunha profesión regulada. Está dirixido especialmente a graduados/as en Óptica e Optometría, e tamén a outras titulacións en ciencias da saúde, interesadas en mellorar nos coñecementos nas áreas propias da optometría para aplicarlos á investigación e á especialización profesional, en atención primaria visual nos niveis de promoción, prevención, diagnóstico, tratamento, rehabilitación e investigación científica e tecnolóxica. O tipo de ensinanza é de carácter semipresencial, no que o alumnado dispón a través da Aula Virtual da Universidade de Santiago de Compostela (USC) dos materiais necesarios para seguir os contidos das clases de teoría e da maioría dos seminarios, sendo presencial a docencia das clases prácticas, así como nos seminarios dalgunhas materias.

MISIÓN

A facultade de Óptica e Optometría da USC ten como misión ser un centro de formación integral, líder en investigación e asistencia clínica en Optometría; con profesionais comprometidos coa sociedade, que promoven a aprendizaxe e a actualización permanente.

VISIÓN

Esta Facultade quere ser recoñecida a nivel nacional e internacional por promover o avance da sociedade do coñecemento a través da súa investigación, o seu proxecto educativo e o seu compromiso social.

VALORES

A Facultade de Óptica e Optometría promove unha formación do seu alumnado baseada nos principios de igualdade, liberdade, xustiza e pluralismo, promovendo a non discriminación por razón de xénero, clase social, orixe étnica ou racial, de orientación sexual ou de diversidade funcional. Pola tanto, o seu funcionamento interno estará rexido polos seguintes valores:

Éticos

Integridade
Respecto
Responsabilidade
Compromiso coa sociedade
Transparencia na información

Profesionais

Cultura da mellora continua
Traballo en equipo
Creatividade
Igualdade de oportunidades
Innovación e transferencia do coñecemento

FORTALEZAS E DEBILIDADES

A presente análise permite identificar as fortalezas e as debilidades en relación á contorna da Facultade de Óptica e Optometría.

1.- Dirección e Administración

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> - Accesibilidade - Alto grao comunicación e implicación dos RRHH. - Sistema xestión propio do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> - Falta RRHH propios. - Falta de flexibilidade do sistema para a coordinación entre RRHH compartidos coa Facultade de Física. - Falta coñecemento do traballo dos RRHH por parte estudiantado.

2.- Departamentos con Docencia no Centro

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> - Alto grao comunicación. - Área propia de Optometría. 	<ul style="list-style-type: none"> - Descoñecemento dos procesos do centro. - Falta de implicación nos procesos do centro. - Non existencia da área de coñecemento de optometría a nivel nacional. - Ubicación da área propia de Optometría, do ámbito da saúde, nun departamento experimental.

3.- Calidade

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> – Compromiso cos procesos de calidade. – Cultura mellora continua. – Obtención certificado SGC. – Actividades específicas da Facultade para medición de calidade. 	<ul style="list-style-type: none"> – Descoñecemento accións mellora. – Falta de implicación comunidade universitaria do Centro no proceso de calidade.

4.- Titulacións

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> – Oferta estable e de calidade. – Alto trato persoal e profesional por parte do profesorado. – Alta calidade na docencia. – Alto grao de inserción laboral. – Alta valoración por parte dos/das alumnos/as egresados/as. – Formación en habilidades transversais a través da docencia clínica, na que se atende a pacientes externos, xunto coa participación en proxectos de Aprendizaxe Servizo (ApS) na que se atende na que se atende a necesidades sociais (convenios – USC) – Convenio prácticas tuteladas co CNOO. – Convenios prácticas tuteladas con empresas – centros ópticos. – Convenios prácticas externas con centros (máster) – Convenio coa Consellería de Traballo e Benestar Social - USC 	<ul style="list-style-type: none"> – Falta coordinación en docencia. – Baixa diversidade xeográfica do estudantado – Falta completar a recuperación das horas de prácticas clínicas que foron substituídas polas horas de docencia interactiva nas materias máis especializadas e profesionalizantes do Grao, todas elas da área de Optometría. Isto fora debido á falta de profesorado na área de Optometría no momento da implantación do Grao. – Falta de programa de doutoramento na facultade – O Profesorado especializado en Optometría soporta unha carga docente moi alta (desequilibrio na carga docente en relación ao resto do profesorado da titulación)

5.- Mobilidade

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> – Convenios mobilidade: Erasmus/SICUE. 	<ul style="list-style-type: none"> – Dificultades para establecer os acordos académicos entre Universidades polas diferenzas entre os plans de estudo.

6.- Instalacións e Servizos

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> – Aulas dotadas para impartir docencia de maneira síncrona e asíncrona. – Convenios de préstamo de equipos coas empresas do sector. Supón o mantemento e a actualización dos instrumental e facilita a relación da Facultade coa empresa. – Instalación de Wifi en todo o centro – Servizo de Optometría, clínica de Optometría da USC, anexo á Facultade, onde se desenvolven as prácticas clínicas. 	<ul style="list-style-type: none"> – O estado das infraestruturas de prácticas e a loxística de Equipos é necesario melloralala. – Falta de mantemento das infraestruturas.

7.- Conserxería

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> – Alta atención ao público – Atención aos servizos docentes – Atención e coidado servizos centro 	<ul style="list-style-type: none"> – Falta de RRHH

8.- Biblioteca

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> – Sala lectura alta calidade – Persoal moi próximo – Gran accesibilidade horaria 	<ul style="list-style-type: none"> – Non ser biblioteca independente – Infraestrutura mínima, fondos bibliográficos mínimos

9.- Limpeza

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> – Estado xeral bo 	<ul style="list-style-type: none"> – Fata de persoal

10.- Servizo de Optometría (SO)

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> – Equipo profesional comprometido cos obxectivos da clínica e a optometría. – Crecente valoración social das clínicas optométricas – Clínica adscrita á facultade cun plan de estudos con inequívoca orientación sanitaria en atención primaria. – Clínica que comparte os contidos, obxectivos e finalidades do Diploma Europeo en Optometría (Gold Estándar da optometría na UE) – Equipo e dotación que permite ofertar servizos de atención primaria visual de calidade. – Aliñación dos obxectivos da clínica coa demanda social. – Grupo de investigación en optometría con sede no Servizo de Optometría. – Clínica de Optometría da USC, anexa á Facultade cunha área propia de coñecemento en optometría que a apoia. – Atención á crecente demanda na atención visual da poboación derivada da variable idade e calidade de vida – A Clínica oferta ao SERGAS e ao SNSS prestacións de calidade en atención primaria da visión para mellorar o coidado da saúde visual da poboación, a un custe eficiente. 	<ul style="list-style-type: none"> – Falta de persoal. – Precariedade de recursos para reposición de infraestruturas (gabinetes de optometría e outros instrumentos para probas complementarias) – Non existe un plan de financiamento para o SO como sería esixible. – Non está recoñecida a categoría profesional en atención primaria da visión polo SERGAS e o Sistema Nacional de Saúde como integrante e colaborador necesario dentro do Servizo Público de Saúde. – Falta de coñecemento da profesión de óptico-optometrista na USC e na sociedade en xeral.

LÍNEAS ESTRATÉXICAS DA FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA

- 1. FOMENTAR A DIMENSIÓN INTEGRAL NA EDUCACIÓN.**
- 2. ACHEGAR A ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA E OS SEUS SERVIZOS AO ESTUDANTADO.**
- 3. TRANSFORMAR O MODELO DE XESTIÓN DA CALIDADE.**

4. FOMENTAR A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL.
5. IMPULSAR O PROXECTO CULTURAL DA USC COMO UN ESPAZO DE INNOVACIÓN E CREACIÓN QUE SITÚE Á UNIVERSIDADE NA VANGARDA.
6. PROFUNDIZAR NA CULTURA DA TRANSPARENCIA.
7. CONSOLIDAR A OFERTA DOS ESTUDOS PROPIOS.
8. POTENCIAR A MOBILIDADE DAS PERSOAS.
9. POTENCIAR A COMUNICACIÓN DA USC CARA O EXTERIOR.
10. INVESTIGACIÓN ESTRATÉXICA.
11. OPTIMIZAR O USO DAS INFRAESTRUCTURAS.
12. PROCURAR UNHA MAIOR SUFICIENCIA E XESTIÓN EFICIENTE DOS RECURSOS ECONÓMICOS.

LÍÑA ESTRATÉXICA 1

1. FOMENTAR A DIMENSIÓN INTEGRAL NA EDUCACIÓN

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 1.1. Consolidar as metodoloxías innovadoras, como a aprendizaxe-servizo, orientando as aprendizaxes a dar solución a problemas sociais.
- 1.2. Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais.
- 1.3. Promover a calidade da docencia.
- 1.4. Diploma Europeo en Optometría.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Promover a realización de programas piloto coa metodoloxía aprendizaxe-servizo no marco das titulacións do Grao en Óptica e Optometría e do Máster en Optometría, en coordinación coa Vicerreitoría responsable da acción na USC.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Levar adiante actividades de orientación laboral para os/as alumnos/as do Grao en Óptica e Optometría e do Máster en Optometría, mediante recursos propios ou os facilitados pola Vicerreitoría responsable da acción na USC.
- B. Fomentar iniciativas no centro para coñecer a realidade do acceso ao emprego dos seus egresados e das características dos empregos demandados polos sectores produtivos relacionados coas súas titulacións.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.3

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Elaborar as guías docentes para todas as materias dos títulos de Grao e Máster.
- B. Mellorar a coordinación vertical e horizontal da docencia do centro.
- C. Mellorar as taxas de rendemento, éxito e eficacia dalgunhas materias.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.4

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Xestionar coa *European Council of Optometry and Optics ECCO* (Axencia de acreditación) a solicitude do Diploma Europeo.
- B. Desenvolver os portfolios de traballo para o Diploma Europeo.
- C. Elaboración e implantación do portfolio de práctica clínica nas materias que se imparten no Servicio de Optometría.

LÍÑA ESTRATÉXICA 2

2. ACHEGAR A ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA E OS SEUS SERVIZOS AO ESTUDANTADO

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 2.1. Facilitar a comunicación da Universidade co estudiantado.
- 2.2. Mellora das liñas de información.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Facer enquisas propias.
- B. Mellorar a información sobre o programa de prácticas tuteladas e externas, elaborando material específico e un plan de información anual coordinado.
- C. Intensificar a actividade do centro na xeración de novas canles de comunicación co estudiantado.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar un seguimento da taxa de abandono do título, adoptando as medidas necesarias en función dos resultados dese estudo.

LÍÑA ESTRATÉXICA 3

3. TRANSFORMAR O MODELO DE XESTIÓN DA CALIDADE

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 3.1. Poñer a mellora do proceso docente no centro da xestión da calidade, alixeirando a carga administrativa e simplificando a xestión dos procedementos.
- 3.2. Reforzar os aspectos relacionados co desenvolvemento social e a empregabilidade dos egresados

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Definición de Obxectivos e Política de Calidade do Centro.
- B. Elaboración dos autoinformes de seguimento dos títulos de Grao e Máster e do proceso de implantación do SGC no centro.
- C. Desenvolver o Plan Estratégico.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Desenvolver un plan de comunicación externa.
- B. Promover xornadas de formación para egresados.
- C. Integrar actividades con colexios profesionais e asociacións.
- D. Promover a asociación de antigos/as alumnos/as da facultade.

LÍÑA ESTRATÉXICA 4

4. FOMENTAR A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 4.1. Reforzar os aspectos relacionados co desenvolvemento social e a empregabilidade dos egresados.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Coñecer a carga real de traballo das titulacións de Grao e Máster, mediante enquisas ao alumnado e profesorado para saber a carga real soportada na titulación.

LÍÑA ESTRATÉXICA 5

5. IMPULSAR O PROXECTO CULTURAL DA USC COMO UN ESPAZO DE INNOVACIÓN E CREACIÓN QUE SITÚE Á UNIVERSIDADE NA VANGARDA

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

5.1. Asistencia Atención Primaria da Visión á sociedade.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Incrementar a atención á comunidade universitaria.
- B. Celebrar xornadas temáticas asistenciais de difusión dos servizos.
- C. Establecer convenios de colaboración con diferentes entidades de interese.
- D. Establecer un convenio de colaboración co SERGAS para atención primaria en visión.
- E. Incorporar en todas as actividades e servizos no ámbito de responsabilidade do centro os valores da inclusión.

LÍÑA ESTRATÉXICA 6

6. PROFUNDIZAR NA CULTURA DA TRANSPARENCIA

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

6.1. Mellorar a presentación da información institucional.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Desenvolver un plan de comunicación externo e interno.
- B. Mellorar a páxina Web do centro.

LÍÑA ESTRATÉXICA 7

7. CONSOLIDAR A OFERTA DOS ESTUDOS PROPIOS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

7.1. Converter a Universidade nun referente para a formación continua.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Promover cursos de formación continua.
- B. Organizar cursos para egresados.
- C. Mellorar a información relativa á xestión de prácticas en empresas e a identificación dos datos necesarios de cara a facilitar a elaboración dun módulo informático específico para toda a USC.

LÍÑA ESTRATÉXICA 8

8. POTENCIAR A MOBILIDADE DAS PERSOAS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

8.1. Favorecer a mobilidade de estudantado, PDI e PAS.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 8.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Establecer máis convenios con universidades europeas.
- B. Establecer máis convenios con universidades fóra do ámbito europeo.
- C. Elaborar un mapa relacional das universidades estranxeiras coas que se manteñen relacións académicas que permita coñecer o potencial do centro na creación de titulacións compartidas.
- D. Potenciar a presenza internacional do centro en redes sociais en coordinación coa política xeral de comunicación da USC.

LÍÑA ESTRATÉXICA 9

9. POTENCIAR A COMUNICACIÓN DA USC CARA O EXTERIOR

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

9.1. Difusión da cultura profesional.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 9.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Xornadas divulgativas.**
- B. Xornadas de portas abertas.**

LÍÑA ESTRATÉXICA 10

10. INVESTIGACIÓN ESTRATÉXICA

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

10.1. Promocionar a investigación do centro.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 10.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Fomentar a participación en iniciativas nacionais e internacionais con outros equipos.**
- B. Divulgar a investigación do centro entre alumnado da facultade.**

LÍÑA ESTRATÉXICA 11

11. OPTIMIZAR O USO DAS INFRAESTRUTURAS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

11.1. Adecuar os espazos docentes ás necesidades actuais do estudantado.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Mellorar as instalacións da docencia práctica do centro.**
- B. Mellorar e ampliar as instalacións específicas asistenciais do centro.**
- C. Analizar e propoñer accións respecto ás necesidades de ordenación e xestión de infraestruturas e poñelo en coñecemento da Xerencia para a súa avaliación e consideración no Plan de Ordenación e Xestión das Infraestruturas.**

LIÑA ESTRATÉXICA 12

12. PROCURAR UNHA MAIOR SUFICIENCIA E XESTIÓN EFICIENTE DOS RECURSOS ECONÓMICOS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 12.1. Garantir a eficiencia na xestión dos recursos. Administración eficaz e eficiente.**
- 12.2. Implantar programas de captación de recursos procedentes do mecenado.**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 12.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Permitir a reposición e a dotación de equipos actualizados na medida que a limitación do presuposto o permita.**
- B. Establecemento de criterios para a renovación do material docente.**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 12.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Incrementar as relacións coas empresas para préstamos de equipos.**
- B. Levar adiante, en coordinación co acción global da USC, iniciativas para recoñecer ás entidades, empresas, persoas e institucións a súa colaboración co centro no desenvolvemento das prácticas do estudantado.**